

## Bases

# PREMIO AUDIOVISUAL MiCe ESTATAL 2019

## PRODUCCIONES ESCOLARES 2019

A Asociación Cultural Jordi el Mussol y a Asociación de Cultura, Arte e Comunicación, dentro da celebración do festival **MiCe 2019** (7ª Muestra Internacional Cinema Educativo) que terá lugar en Valencia, Madrid e outras cidades valencianas do 8 ao 23 de febreiro de 2019 coa proxección dos curtos seleccionados nas distintas categorías competitivas e fóra de competición, convoca o

### Premio Audiovisual MiCe Estatal 2019

de acordo coas seguintes


#### **BASES:**

1. Poderán participar todas as producións audiovisuais realizadas durante o últimos tres últimos cursos escolares (2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019) no ámbito educativo de **Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Ciclos Formativos e Centros de Educación Especial** do Estado español e nos centros de acción educativa no exterior e que utilicen como lingua vehicular calquera das linguas faladas dentro do Estado xa sexan cooficiais ou non en calquera das autonomías ou Cidades Autónomas, sempre que non fosen presentadas en edicións anteriores da MiCe.
2. As Produccións presentáense sempre en Versión Orixinal (V.O.).
3. As producións poden ser de calquera xénero: ficción, documental, vídeo-creación, animación...
4. Os alumnos e alumnas terán que participar en todos os procesos da produción, ben entendido que, ao tratarse de producións de ámbito educativo, a mediación e a dirección de mestras, mestres, profesoras e profesores ten que estar presente inevitablemente.
5. Establécese **3 categorías:**
  - Produccións realizadas por alumnos e alumnas de Educación Infantil e Primaria
  - Produccións realizadas por alumnos e alumnas de Educación Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos
  - Produccións realizadas por alumnos e alumnas de Centros de Educación Especial

6. A duración **máxima** das producións audiovisuais presentadas será de **15 minutos**.
7. A formalización da inscrición realizarase ata o 15 de decembro de 2018 e constará obrigatoriamente de: (unha soa inscrición por produción)
  - **Inscrición electrónica**, hai que encher o boletín de inscrición telemáticamente.  
Pódela atopar na seguinte ligazón: [BOLETÍN DE INSCRICIÓN](#)  
e na web do festival [www.micevalencia.com](http://www.micevalencia.com)
  - Un **fotograma** representativo da curtametraxe
  - A **Produción** presentada.
8. Dado que a produción sitúase dentro do ámbito educativo dos centros docentes a persoa autorizante da súa presentación será mestra, mestre, profesora, profesor, titor, titora ou membro do equipo directivo do centro dos alumnos e alumnas que realizan e/ou actúan na produción. Por tanto serán estes os responsables de obter e custodiar todas as autorizacións legais pertinentes por parte de quen ostente a patria potestade dos menores de idade participantes, así como dos datos persoais fornecidos nas inscricións e títulos de crédito das producións.
9. Tanto o fotograma como a Produción presentaranse online mediante calquera plataforma de descarga de arquivos ( Wetransfer, Dropbox, Drive...) enviando e compartindo a ligazón de descarga dentro do apartado correspondente do boletín de inscrición ou enviándoos ao correo electrónico [secretaria@festivalmice.com](mailto:secretaria@festivalmice.com), indicando o título e o centro educativo, sempre antes do fin do termo de inscrición.
10. A Organización comunicará a todos os contactos remitidos nas inscricións presentadas a selección ou non das súas producións.
11. A Asociación Cultural Jordi el Mussol elixirá un xurado formado por profesionais do audiovisual e da educación, outorgando un PRIMEIRO PREMIO MiCe ESTATAL 2019 por cada categoría. As Actas do xurado poderanse consultar na web do festival MiCe ([www.micevalencia.com](http://www.micevalencia.com)).
12. Tamén se outorgará un **PREMIO DO PÚBLICO** para cada categoría.
13. Este premio outorgarase mediante o recuento de visualizacións consolidadas ata o **8 de febreiro de 2019** na plataforma de visualización elixida para optar ao **PREMIO DO PÚBLICO**.

*Lembrar que o uso de imaxes, melodías ou cancións suxeitas a dereitos de autor pode levar ao bloqueo da plataforma de visualización da produción, chegando a impedir a súa reprodución.*

14. No reconto das visualizacións consolidadas estarase ás condicións xerais que rexan para a validación e consolidación destas na plataforma de visualización.
15. Poderanse visualizar a partir do día 7 de xaneiro de 2018 na canle de Youtube [MICE ESTATAL 2019](#).
16. Tamén se poderá acceder mediante as seguintes ligazóns:  
[Acceder pola web do Festival MiCe](#)
17. Atoparedes o procedemento de visualización e reconto na web do festival MiCe ([www.micevalencia.com](http://www.micevalencia.com)) en el apartado:  
MiCe 2019/PREMIOS AUDIOVISUAIS MiCe Estatal
18. Os galardóns serán entregados no transcurso da Gala de Clausura da **MiCe 2019**, que se celebrará en Sagunt (Valencia) o 23 de febreiro de 2019. A hora e programa poderédelos atopar na web da MiCe ([www.micevalencia.com](http://www.micevalencia.com)).
19. A participación no PREMIO AUDIOVISUAL MiCe Estatal 2019 presupón a total aceptación destas bases, e de forma expresa a **AUTORIZACIÓN DE PUBLICACIÓN** da produción presentada dentro da plataforma elixida para optar ao **PREMIO DO PÚBLICO** mediante o reconto de visualizacións, así como tamén a **AUTORIZACIÓN DE PROYECCIÓN** nos pases escolares e en calquera outro acto público ou privado programado dentro do festival **MiCe 2019**.
20. A interpretación destas bases será competencia exclusiva da ASOCIACIÓN CULTURAL JORDI EL MUSSOL e ASOCIACIÓN DE CULTURA, ARTE E COMUNICACIÓN como organizadoras da **MiCe 2019** (7ª Mostra Internacional Cinema Educativo).



Rafael Latré Andrés

Secretario Asociación Cultural Jordi el Mussol  
Asociación de Cultura, Arte e Comunicación (P.D.)

Valencia, 12 de maio de 2018



ASOCIACIÓN  
CULTURAL  
JORDI EL MUSSOL  
CIF 698472624 www.jordielmussol.com



Josep M. Arbiol Carmen

Presidente